

Diálogo con Manuel Scorza

«A conquista continúa»

Os comezos de Manuel Scorza en literatura foron no campo da poesía, publicando catro libros: «Las imprecaciones», «Los adioses», «Desengaño del mago» e «El vals de los reptiles». En 1970 saíu do prelo a súa primeira novela, «Redoble por Rancas», á que lle seguiron até agora «Historia de Garambombo el invisible», «El jinete insomne», «La balada de Agapito Robles» e «La tumba del relámpago», cinco obras nas que conta as súas experiencias tras ter participado nas loitas dos campesiños peruanos.

SCORZA foi xulgado, perseguido e condenado no seu país. Hoxendía está exiliado e vive en París. Logo de ter participado como invitado no Congreso de Escritores galegos, sustemos o seguinte diálogo en Compostela, onde saen a relucir temas como o estado actual dos indios peruanos, a súa obra literaria; os seus proxectos e mesmo o devandito congreso de escritores galegos, entre outros.

«Até hai pouco o estado dos indios no Perú foi o de auténticos escravos dunha sociedade feudal. Esta situación transformou - se baixo o rexime militar, que comenzou sendo un movemento progresista aínda que rematou nunha dictadura corrompida. Os abusos que eu conto nos meus libros, agora terminaron parcialmente; e digo parcialmente porque en algúns lugares segue a existir a mesma situación».

Con Manuel Scorza comezo falando dos persoaxes dos seus libros: os indios americanos, os indios campesiños do Perú mais concretamente. Este escritor peruano participou activamente nas loitas que os campesiños dos Andes centrais susteron contra os grandes oligarcas peruanos e os intereses imperialistas da «Cerro de Pasco Corporation». Os seus libros son un vivo retrato, «algunhas persoas, e mesmo investigadores, recorreron as rutas descritas nos meus libros e identificaron-as totalmente, e mesmo algúns persoaxes que aínda seguen vivos. Porque procurei plasmar o que vin co máximo realismo e veracidade posíbel».

«Os acontecementos que eu conto en «La tumba del relámpago» hai pouco se volveron mostrar na realidade. Eu conto na miña obra a historia de grandes loitas polas terras en 1960. E nos periódicos de 1980 volvin encontrar - me con novas semellantes porque, tal che dicía, en algúns lugares a situación non cambiou».

Pergunto - lle si se pode dicir que están exterminando aos indios, «Non contestame - o que se está a exterminar é ao Perú completo, pola miseria. Hoxendía Perú é un dos países nos que se vive unha situación alimenticia mis trágica do continente. E aos indios están - nos machacando, cuase pode afirmar - se que a colonización non rematou, que a conquista dos indios continua aínda. Mira, os indios campesiños foron expulsados das terras que tiñan até reduci - los a illotes de terra extremadamente pequenos...».

—E entón viñeron as revolucións. E surxiron as masacres, claro.

«Si, entón, para recuperar as súas terras, libraron a grande batalla histórica que eu conto nos meus libros. En canto ás masacres, eu fun o primeiro escritor que planteou este tema; as masacres producíran - se na realidade, mais non levaran á literatura. Entre 1914 e 24 producíron - se en Perú un promedio de oitenta rebelións e masacres por ano. O que ven sendo, aproximadamente, unha masacre cada cinco días. Estas masacres integraban unha historia invisible que nunca saeu á luz, agás excepcións mui contadas, até que apareceu a miña obra «Redoble por Rancas». O eco mundial do meu libro, traducido a mais de trinta idiomas e mui pronto quizais tamén ao galego, obrigou ao goberno peruano e liberara ao persoaxe central do mesmo, Hector Chacón. Isto foi un escándalo mundial e coido que contri-

buiu á toma de conciencia sobre a situación de Perú».

Unha situación verdadeiramente dramática, que mesmo coarta a narración de Scorza. Así, no limiar de «Redoble por Rancas», este exiliado peruano escribe que «Ciertos hechos y su ubicación

ción cronológica, ciertos nombres, han sido excepcionalmente modificados para proteger a los justos de la justicia».

Inevitablemente falamos de literatura, claro. «Eu sosteño —dime— que a literatura é o primeiro territorio ceibe e

a primeira descripción real de América Latina. Porque, ao contrario das ideoloxías políticas, tecnolóxicas, relixiosas, etc. que nos viñeron impostas de Europa ou Estados Unidos, a literatura sudamericana non se limitou a imitar, senon que adoptou unha forma de expresión auténtica, adoptou unha linguaxe propia».

Esa linguaxe propia xa non se escribe en español, senon en latinoamericano, e as súas características son, entre outras, e sempre segundo as palabras de Scorza, o rechazo do estilo racionalista europeo, a descripción exacta da realidade, a realidade excesiva e desmesurada que é respondida cun estilo excesivo e desmesurado, o traspado da fala popular á literatura, etc.

—Falamos da tua obra en concreto. Eu observo unha constante presenza dos mitos, ¿a qué se debe?

—«Porque eu considero que intentei facer fundamentalmente literatura e describir a realidade total. E para min a realidade total non é unicamente a realidade diurna, senon tamén a nocturna, a realidade onírica. Eu, con efecto, coido que somos mendigos cando vivimos e somos reises cando soñamos. Nos meus libros hai unha liña histórica rigurosamente real, envolta nunha selva mítica exuberantemente imaxinativa».

Pero os mitos, a sociedade mítica transforma - sen actual aínda que, no caso de Scorza, «ao revés de algúns grandes libros míticos de América Latina nos que o mito é unha forma de fuxir da realidade, nos meus libros o mito é unha maneira de chegar á realidade. Entre todos os libros que escribin hai un que para min é especialmente importante, «La tumba del relámpago», en cuxos capítulos finais os persoaxes dan - se conta de que son persoaxes e protagonistas dun poncho máxico tecido por un cego que, na súa cegueira, confundiu o futuro co pasado. E entón teñen a opción de seguir existindo como mitos ou ser homes. E deciden incendiar o tecido e libertar - se, é dicir: deixar de ser mitos para ser homes do terceiro mundo; deixar de ser seres maravillosos para seren simplemente seres humanos desvalidos; deixar de seren seres prodixiosos, capaces de deter e estancar o tempo, capaces de parar os ríos, de falar cos animais, de non envellecen, para seren simplemente homes dun país perdido en América Latina, no Perú: un país mísero dun terceiro mundo mísero, unha colónia dos Estados Unidos que debe lutar pola súa transformación, non desde a impotente beleza dun mito senon desde o dramático realismo da lucidez».

As cinco obras de narrativa que escribeu compoñen un ciclo que se chama «La guerra silenciosa». A partir de agora Scorza vai o tono da súa obra literaria, e así anuncia-me que «a miña próxima obra, que acabo de terminar, terá como escenario París. E estou a escribir outra, cómica, que terá como escenario a selva».

Falamos, finalmente, do Congreso de Escritores en Lingua Galega celebrado en Poio a comezos de Maio e que, segundo o escritor peruano, foi un congreso histórico «porque se trata da liberación dun territorio lingüístico que, pola súa riqueza, merece a atención da literatura mundial».

Se el o di...

Xoel Gómez